

«A partir do 1 de xaneiro de 2009, prohíbese a comercialización en todo o territorio nacional destas gasolinas de substitución.»

Disposición adicional primeira. *Cambio dun consumidor do mercado liberalizado ao mercado regulado.*

Os consumidores cuxo consumo anual de gas natural sexa igual ou superior a 100 millóns de kWh soamente poderán solicitar o cambio do mercado liberalizado ao mercado regulado transcorrido un período mínimo de permanencia no mercado liberalizado de tres anos.

A contabilización do período de tres anos iníciase coa entrada en vigor deste real decreto ou na data de cambio no caso de o paso ao mercado liberalizado se realizar con posterioridade á entrada en vigor.

A solicitude de cambio ao mercado regulado débese realizar cunha anticipación mínima de seis meses á data prevista de cambio de fornecedor.

O distribuidor contestará á solicitude de cambio ao mercado regulado no prazo dun mes desde que a recibiu, e indicará se a solicitude cumpre as condicións establecidas no artigo 47.2 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, fornecemento e procedementos de autorización de instalacións de gas natural, e, se se cumprisen esas condicións, procederá a efectuar o cambio ao mercado regulado na data solicitada.

O disposto nos parágrafos anteriores aplicarase igualmente á tramitación polos distribuidores de toda solicitude de consumidores con consumo anual igual ou superior a 100 millóns de kWh, aos cales non se lles iniciase o fornecemento efectivo no mercado regulado, nin tampouco se lles notificase unha resposta favorable á súa solicitude na data de entrada en vigor deste real decreto.

Disposición adicional segunda. *Novas altas no mercado liberalizado e requisitos de transparencia.*

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto, a Comisión Nacional de Enerxía elaborará un informe e unha proposta de procedemento para a contratación de novos fornecementos directamente no mercado liberalizado.

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto, a Comisión Nacional de Enerxía elaborará un informe e unha proposta que recolla os requisitos adicionais sobre acceso de terceiros a instalacións.

No prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto, a Comisión Nacional de Enerxía elaborará un informe e unha proposta de tarifas de aluguer dos equipamentos de teledistribución e as súas fórmulas de actualización.

Disposición transitoria primeira. *Contratos de empresas distribuidoras en relación ás instalacións receptoras comúns.*

As empresas distribuidoras que teñan en vigor contratos con usuarios polo uso de instalacións receptoras comúns, das cales sexan propietarias, deberán adaptar o seu contido ao disposto no artigo 30 bis do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, fornecemento e procedementos de autorización de instalacións de gas natural, antes de transcorrer seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

Ademais, cando as empresas distribuidoras sustentasen os canons por instalacións receptoras comúns como

carga das escrituras públicas de división horizontal dos predios, deberán realizar o levantamento de tales cargas á súa custa, e proceder á sinatura dos correspondentes contratos coa persoa física ou xurídica que deba responder do pagamento da instalación receptora común, segundo os requisitos e prazos establecidos neste real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Prazos para o cumprimento de novos requisitos.*

As empresas distribuidoras deberán adecuar os seus sistemas para dar cumprimento ao disposto no artigo 43.4 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, fornecemento e procedementos de autorización de instalacións de gas natural, antes de transcorrer seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

As empresas distribuidoras e as empresas comercializadoras deberán adaptar as súas facturas ao disposto no artigo 53 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, fornecemento e procedementos de autorización de instalacións de gas natural, antes de transcorrer seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogada calquera disposición de igual ou inferior rango no que se opoña ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Carácter básico.*

Este real decreto ten carácter básico de acordo co establecido no artigo 149.1.13.^a, 15.^a e 25.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 29 de xullo de 2005.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,

JOSÉ MONTILLA AGUILERA

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

13336 *REAL DECRETO 893/2005, do 22 de xullo, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria sobre os aditivos na alimentación animal.* («BOE» 184, do 3-8-2005.)

Após a aprobación do Regulamento (CE) n.º 1831/2003 do Parlamento europeo e do Consello, do 22 de setembro de 2003, sobre os aditivos na alimentación animal, quedan derogadas a Directiva 70/524/CEE do Consello, do 23 de novembro de 1970, sobre os aditivos na alimentación

animal, a Directiva 87/153/CEE do Consello, do 16 de febreiro de 1987, pola que se fixan liñas directrices para a avaliación dos aditivos na alimentación animal, e os números 2.1, 3 e 4 do anexo da Directiva 82/471/CEE do Consello, do 30 de xuño de 1982, relativa a determinados produtos utilizados na alimentación animal.

Isto obriga, en prol da necesaria seguranza xurídica, e sen prexuízo da súa inaplicabilidade, á derogación expresa, sen prexuízo do período transitorio correspondente, do Real decreto 2599/1998, do 4 decembro, sobre os aditivos na alimentación dos animais, polo que se incorporou ao noso ordenamento a Directiva 96/51/CE do Consello, do 23 de xullo de 1996, modificativa da Directiva 70/524/CEE; do Real decreto 1329/1995, do 28 de xullo, polo que se fixan as liñas directrices para a avaliación dos aditivos na alimentación animal, mediante o cal se incorporou a Directiva 94/40/CE da Comisión, do 22 de xullo de 1994, pola que se modifica a Directiva 87/153/CEE, e dos números 2.1, 3 e 4 do anexo da Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do 31 de outubro de 1988, relativa a determinados produtos utilizados na alimentación dos animais, que traspuxo os números 2.1, 3 e 4 do anexo da Directiva 82/471/CEE.

Así mesmo, e non obstante a eficacia e aplicabilidade directa do mencionado regulamento, cómpre establecer certas disposicións específicas, co fin de facer uso da opción que, para a investigación, o artigo 3.2 do citado regulamento prevé, ao tempo que se concreta o réxime sancionador aplicable de acordo co artigo 24 do mencionado Regulamento (CE) n.º 1831/2003.

Este real decreto foi sometido á consulta das comunidades autónomas e das entidades representativas dos intereses dos sectores afectados, e emitiu informe a Comisión Interministerial de Ordenación Alimentaria.

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, polas que se atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 22 de xullo de 2005,

DISPÕÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer disposicións específicas de aplicación en España do Regulamento (CE) n.º 1831/2003 do Parlamento europeo e do Consello, do 22 de setembro de 2003, sobre os aditivos na alimentación animal.

Artigo 2. *Experimentos con fins científicos.*

Para experimentos con fins científicos, os órganos competentes das comunidades autónomas poderán autorizar o uso como aditivos de substancias que non estean autorizadas no ámbito comunitario, excepto os antibióticos, sempre que tales experimentos se efectúen conforme os principios e condicións previstos na Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do 11 de outubro de 1988, relativa á fixación das liñas directrices para a avaliación de determinados produtos utilizados na alimentación dos animais, ou nas normas que dite a Comisión Europea para a execución do artigo 7 do Regulamento (CE) n.º 1831/2003, e sempre que exista unha supervisión oficial adecuada.

Os animais en cuestión soamente se poderán utilizar para a produción de alimentos se as autoridades competentes correspondentes establecen que non terán efectos adversos na sanidade dos animais, na saúde das persoas nin no ambiente; para tal efecto, deberán dispor dos datos precisos para tomar a decisión que proceda.

Artigo 3. *Réxime sancionador.*

No caso de incumprimento do disposto neste real decreto ou no Regulamento (CE) n.º 1831/2003, será de aplicación o réxime de infraccións e sancións establecido na Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, e no Real decreto 1945/1983, do 22 de xuño, polo que se regulan as infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, e, se é o caso, noutras normas específicas de aplicación, sen prexuízo das posibles responsabilidades civís, penais ou doutra orde que poidan concorrer.

Disposición adicional única. *Referencias á normativa derogada.*

As referencias que se conteñan, na normativa aplicable, ao Real decreto 2599/1998, do 4 decembro, sobre os aditivos na alimentación dos animais, ao Real decreto 1329/1995, do 28 de xullo, polo que se fixan as liñas directrices para a avaliación dos aditivos na alimentación animal, e aos números 2.1, 3 e 4 do anexo da Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do 31 de outubro de 1988, relativa a determinados produtos utilizados na alimentación dos animais, entenderanse feitas a este real decreto e ao Regulamento (CE) n.º 1831/2003.

Disposición transitoria primeira. *Aplicación transitoria dos artigos 17, 18 e 19 do Real decreto 2599/1998, do 4 de decembro.*

Os artigos 17, 18 e 19 do Real decreto 2599/1998, do 4 de decembro, manterán a súa vixencia até que a Unión Europea proceda á revisión da Directiva 79/373/CEE do Consello, do 2 de abril de 1979, relativa á comercialización dos pensos compostos, para incluír nela normas relativas á etiquetaxe dos pensos a que se engadiron aditivos.

Disposición transitoria segunda. *Aplicación transitoria do anexo do Real decreto 1329/1995, do 28 de xullo.*

Para os efectos previstos no artigo 2 deste real decreto, o anexo do Real decreto 1329/1995, do 28 de xullo, manterá a súa vixencia até que a Comisión Europea dite a normativa de execución do Regulamento (CE) n.º 1831/2003, prevista no seu artigo 7.4.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto, e especificamente:

- O Real decreto 2599/1998, do 4 decembro, sobre os aditivos na alimentación dos animais.
- O Real decreto 1329/1995, do 28 de xullo, polo que se fixan as liñas directrices para a avaliación dos aditivos na alimentación animal.
- Os números 2.1, 3 e 4 do anexo da Orde do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, do 31 de outubro de 1988, relativa a determinados produtos utilizados na alimentación dos animais.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a e 16.^a da Constitución, polas que se atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de bases e coordinación xeral da sanidade, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase os ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Sanidade e Consumo para ditaren, no ámbito das súas competencias, as disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación do disposto neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 22 de xullo de 2005.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARIATERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS

14654 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 689/2005, do 10 de xuño, polo que se modifica o Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 138/2000, do 4 de febreiro, e o Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas á Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio, para regular a actuación dos técnicos habilitados en materia de prevención de riscos laborais. («BOE» 205, do 27-8-2005.)*

Advertido erro no Real decreto 689/2005, do 10 de xuño, polo que se modifica o Regulamento de organización e funcionamento da Inspección de Traballo e Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 138/2000, do 4 de febreiro, e o Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para os expedientes liquidatorios de cotas á Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 928/1998, do 14 de maio, para regular a actuación dos técnicos habilitados en materia de prevención de riscos laborais, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 7 en lingua galega, do 1 de xullo de 2005, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Da páxina 1034, primeira columna, artigo primeiro, á páxina 1037 corríxese a numeración correlativa dos artigos que integran o novo título IV; onde di: «58, 59, 60, 61, 62, 63, 64, 65, 66 e 67», debe dicir: «59, 60, 61, 62, 63, 64, 65, 66, 67 e 68».

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

14655 *ORDE PRE/2738/2005, do 26 de agosto, pola que modifica a Orde PRE/2500/2005, do 29 de xullo, pola que se determinan os ámbitos territoriais afectados pola seca e se establecen criterios para a aplicación de determinadas medidas previstas no Real decreto lei 10/2005, do 20 xuño, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os danos producidos no sector agrario pola seca e outras adversidades climáticas. («BOE» 205, do 27-8-2005.)*

O Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os danos producidos no sector agrario pola seca e outras adversidades climáticas dispón no número 2 do seu artigo 1, que por Orde conxunta dos ministerios de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Medio Ambiente, oídas as comunidades autónomas e as organizacións representativas do sector, se delimitarán os ámbitos territoriais afectados para a aplicación das medidas previstas.

Estes ámbitos territoriais foron determinados pola Orde PRE/2500/2005, do 29 de xullo, pola que se determinan os ámbitos territoriais afectados pola seca e se establecen criterios para a aplicación de determinadas medidas previstas no Real decreto lei 10/2005, do 20 xuño, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os danos producidos no sector agrario pola seca e outras adversidades climáticas.

Tendo en conta que as circunstancias que serviron de base para a inicial determinación dos ámbitos territoriais en que deberían ser aplicadas as medidas previstas no Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, experimentaron variacións, resulta necesario modificar estes ámbitos territoriais.

Así mesmo, deben ser estendidas ao ámbito territorial da Comunidade Foral de Navarra afectado pola seca as medidas previstas no artigo 3 do Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Medio Ambiente, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde PRE/2500/2005, do 29 de xullo, pola que se determinan os ámbitos territoriais afectados pola seca e se establecen criterios para a aplicación de determinadas medidas previstas no Real decreto lei 10/2005, do 20 xuño, polo que se adoptan medidas urxentes para paliar os danos producidos no sector agrario pola seca e outras adversidades climáticas.*

Un. Engádesse unha nova disposición adicional coa seguinte redacción:

«Disposición adicional segunda. *Comunidade Foral de Navarra.*

As medidas previstas no artigo 3 do Real decreto lei 10/2005, do 20 de xuño, ademais de nos ámbitos territoriais que figuran no anexo I desta orde, serán tamén de aplicación no ámbito territorial da Comunidade Foral de Navarra que se detalla no anexo IV.»

Dous. Modifícase a rúbrica da «Disposición adicional única. Financiamento», que pasará a denominarse, «Disposición adicional primeira. Financiamento».

Tres. Modifícanse, no seguinte senso, os anexos I, II e III e engádesse un novo anexo IV: